


LECCIONS DE GAITA



OTERO COVELO, ENRIQUE

SYNOPSIS

Coa celebración do seu 75 aniversario, Editorial Galaxia recupera o espírito innovador que demostrou nas súas publicacións desde 1950 traendo aos lectores e lectoras do século XXI moitas destas obras innovadoras que supuxeron unha renovación do mundo cultural galego e, por extensión, tamén da súa sociedade.

O terceiro volume desta colección conmemorativa é a reedición do método para gaita de Enrique Otero Covelo (Vigo, 1930-2013), coñecido como de O Gaiteiro do Frago. Leccións de gaita, publicado por Editorial Galaxia en 1978, que se completa co cuarto curso, rexistrado por Otero en 1980, mais inédito para o público.


Esta metodoloxía, próxima a facer o medio século de existencia, marcou un fito nas edicións pedagóxicas da música galega e da aprendizaxe da gaita galega en particular. Enrique Otero foi o primeiro gaiteiro da tradición en realizar unha proposta semellante xuntando os seus coñecementos e experiencia como músico da Banda Municipal de Vigo, onde tocaba o bombardino, coa súa militancia na tradición musical en grupos da contorna, pero recoñecidos en Galicia enteira, como Os Cruceiros.

Entre outras atopamos pezas tan senlleira coma "Alborada de Pontecaldelas", "Muiñeira de Chantada", "Marcha do antigo Reino de Galicia", "Foliada de Monforte" e "Foliada de Tenorio".

Estas leccións de gaita é, pois, a referencia fundamental na pedagogía da gaita galega, e a súa reedición, co engadido do curso cuarto, fai xustiza ao mestre Otero, artífice desta proposta que, sen dúbida, permitiu poñer as bases de futuro para a metodoloxía do estudo instrumental da música galega....

	
Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Subject	MÚSICOS, CANTANTES, BANDAS E GRUPOS
Collection	BIBLIOTECA 75 ANOS
EAN	9788411763981
Status	Dispoñible
Binding	Tapa blanda
Pages	116
Size	297x210x0 mm.
Price (Tax inc.)	22,60€
Release date	21/04/2025


Related Titles



COCIÑA GALEGA, A
CUNQUEIRO, ALVARO



8 ENSAÍOS SOBRE ROSALÍA
VARIOS



TORIBIOS, OS
CASARES, CARLOS